

**DON LEOPOLDO MOURE GARCÍA, SECRETARIO XERAL DO EXCMO.
CONCELLO DE FERROL.**

CERTIFICO: Que o Excmo. Concello Pleno, en sesión celebrada o día 29 de novembro de 2022 , adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS TARIFAS DE TAXI, DE APLICACIÓN URBANA, PARA 2023. (EXPEDIENTE CIVIDAS 2022038480). Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Mobilidade, que textualmente di:

“**PRIMEIRO.**- D^a María Elvira García Varela, en calidade de Presidenta da Asociación Radio Taxi Ferrol, presentou por Rexistro un estudio económico para a revisión e aprobación das tarifas de taxi, de aplicación urbana, para o ano 2023, propoñendo as que a continuación se relacionan:

TARIFA 1.- DÍAS LABORABLES DE 6:00 A 22:00 HORAS

A percepción mínima inclúe 1500 metros ou tempo equivalente

CONCEPTO SERVIZO PREZO €:	SEN IVE	CON IVE 10%
Percepción mínima	3,18	3,50
Quilómetro percorrido	0,93	1,02
Hora de espera	15,00	16,50

TARIFA 5.- SÁBADOS, DOMINGOS, FESTIVOS, 24 E 31 DE DECEMBRO, DE 06:00 HORAS A 22:00 HORAS.

A percepción mínima inclúe 1800 metros ou tempo equivalente

CONCEPTO SERVIZO PREZO €:	SEN IVE	CON IVE 10%
Percepción mínima	3,68	4,05
Quilómetro percorrido	1,07	1,18
Hora de espera	17,55	19,30

TARIFA 2.- APLICABLE DE LUNS A DOMINGO DE 22:00 A 06:00 HORAS

A percepción mínima inclúe 1800 metros ou tempo equivalente

CONCEPTO SERVIZO PREZO €:	SEN IVE	CON IVE 10%
Percepción mínima	4,59	5,05
Quilómetro percorrido	1,35	1,48
Hora de espera	21,93	24,12

SUPLEMENTOS: Aplicables en ambas tarifas:

CONCEPTO SERVIZO PREZO €	SEN IVE	CON IVE 10%
MALETA OU BAÚL (2)	0,50	0,55
ESTACIÓN FF.CC-BUSES (3)	0,50	0,55
TRASLADOS CANS E GATOS	0,86	0,95
NAVIDADE E NOITEBOA (4)	5,46	6,00

Servizos especiais:

Vodas, bautizos, enterros, entrada a recintos navais ou militares..... A CONVIR.

(2) Excepto sillas de minusválidos

(3) Aplicable sólo en tarifa 1

(4) Aplicable Desde as 22:00 horas do 24 de decembro ata as 6:00 horas do 25 de decembro, e dende as 22:00 horas do 31 de decembro ata as 10:00 horas do día 1 de xaneiro.

-Non se cobrará por levar sillas de minusválidos, muletas, cans guía, carriños de bebé ou similares.

SEGUNDO- A Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, establece no seu art. 40.3 que *“as tarifas poderán ser revisadas periódicamente ou de maneira excepcional, cando se produza unha variación nos costes que altere significativamente o equilibrio económico da actividade”*. Engadindo no punto 4. *“As tarifas de aplicación ós servizos urbanos de taxi serán fixadas polos concellos ou, no seu caso, polas entidades competentes das áreas territoriais de prestación conxunta...”*

Para dar cumprimento ó trámite de audiencia das tarifas para 2023, púxose o expediente a disposición da Asociación Profesional do sector, Teletaxi Ferrolterra, por un periodo de dez

días hábiles, co obxecto de que puideran formular as alegacións que considerasen oportunas. E tamén a disposición da Asociación de amas de casa, consumidores e usuarios (trámite que non se puido realizar pois a comunicación enviada foi devolta por Correos nas dúas ocasións que se intentou).

No prazo concedido, según certificado emitido polo Rexistro de entrada de documentos, non formularon ningunha alegación.

En consecuencia, previo ditame da Comisión Informativa de Medio Ambiente, Urbanismo, Servicios, Obras, Seguridade e Contratación, propónse elevar ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar as tarifas de taxi de aplicación urbana, propostas pola Asociación Radio Taxi, para o ano 2023.

Segundo.- Someter o expediente a exposición pública por un período de dez días no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Ferrol

Terceiro.- Finalizado o trámite de exposición pública, de non producirse alegacións, e tendo en conta o disposto no último parágrafo do art. 40.4 da Lei 4/2013, do 30 de maio, “...*A aprobación das tarifas está suxeita á lexislación vixente en materia de prezos*”, o expediente achegarase á Comisión de Prezos de Galicia para a autorización da aplicación das novas tarifas.

O artigo 46.1 do Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, sinala que as tarifas aprobadas e/ou as súas revisións entrarán en vigor e serán esixibles ás persoas usuarias a partir do primeiro día de xaneiro do ano posterior ó da súa aprobación. “

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de dezanove votos a favor, correspondentes ós Sres./as membros do grupo Socialista e Popular e tres abstencións, correspondentes ós Sres./as membros de Ferrol en Común, acordou aprobar a proposta transcrita. “

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Iltmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Vº e Pr

ALCALDE